

COPLAS MAIOS 5º E 6º EP

Ola somos quinto e sexto
e hoxe vimos celebrar,
convosco estes maios
que imos xuntos disfrutar.

Recollemos os pampullos,
margaridas e demais,
para construír o Maio
e podelo adornar.

Agora estamos rodeados
de mares contaminados
os animais mariños morren
deberíamos salvos.

Estamos na primavera
o bo tempo xa chegou,
as flores van agromar
e adornar o meu balcón.

Este ano vai ser fermoso
porque ímolo decorar,
con fiúncho e laranxas
e a temática do mar.

Na horta deste ano
cultivamos sen parar,
amorodos e leitugas
que pronto imos papar.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
as flores van agromar
e adornar o meu balcón.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
con fiúncho e laranxas
e a temática do mar.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
amorodos e leitugas
que pronto imos papar.



Cando chega o inverno
celebramos o Nadal
con experimentos , cantigas
e Papá Noel vén a Ardán.

Este ano o Entroido
foi un pouco diferente,
fixemos coreografías
e saíron excelentes.

Agora toca a despedida
do único nena de sexto,
quero dicirvos adeus!
Espero que o tempo pase lento!!



Fixemos un lindo Belén
con bateas, barcos e faros,
cunha illa no medio
e as ruínas do Santo.

No xuízo ao Entroidiño
mandáronlle ir a fogueira
este era a Xardaniña,
e xa pouco dela queda.

Agora tócanos a quinto
despedirnos desde Ardán,
volveremos outro ano
con moitas ganas de cantar.



Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
cunha illa no medio
e as ruínas do Santo.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
este era a Xardaniña,
e xa pouco dela queda.

Ailalelo, ailalelo,
ailalelo, alalá.
volveremos outro ano
con moitas ganas de cantar.

